

## **COMPARECENCIA DO ALCALDE**

PLENO 6 XUÑO 2013. ACTA 11/2013

Transcríbese a continuación a solicitude de comparecencia do grupo municipal AER: “Por máis que preguntamos o ano pasado, non conseguimos saber o custe das festas e/ou eventos que se realizan en Redondela, por mor das dificultades para incorporalas nun informe común. Entendemos que a experiencia, a nova contratación dunha empresa que coordina os eventos e a súa suposta predisposición á transparencia, fixeron cambiar as cousas.

Gustaríanos saber se existe:

- 1.** Informe de gastos e ingresos da Festa do Choco 2013.
- 2.** Que medidas e persoal se adicou para controlar que as conexións eléctricas das diferentes atraccións cumpren coas medidas de seguridade propias dun entorno moi transitado por todo o alumnado do núcleo urbano de Redondela.
- 3.** Cales son os controis e directrices que se seguen nas ubicacións das diferentes caravanas que se asentan na nosa vila por motivo destas celebracións, e como e a onde se dirixen os residuos que xeran.

A Agrupación de Electores de Redondela, en base ao artigo 19 do Regulamento Orgánico do Concello de Redondela solicita a comparecencia do Alcalde para que nos aclare as cuestións anteriormente mencionadas.”

*O Alcalde sinala que aínda non están rematadas as contas porque falta algunha factura pero indica que por primeira vez se controlou toda a documentación e se revisaron as instalacións por parte dun enxeñeiro colexiado que verificou as condicións do montaxe realizando o oportuno informe. Di que as caravanas colocáronse tamén de xeito controlado con contenedores e verquidos conectados á rede de saneamento.*